



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Dereito da Empresa	Código	612G01011	
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Privado			
Coordinación	Vazquez Pena, Manuel Jose	Correo electrónico	manuel.jose.vazquez.pena@udc.es	
Profesorado	Cachafeiro Garcia, Fernando	Correo electrónico	fernando.garcia@udc.es	
	Vazquez Pena, Manuel Jose		manuel.jose.vazquez.pena@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Nesta asignatura analízanse, en primeiro lugar, os elementos esenciais do Dereito Mercantil. Non soamente se estudan o concepto e as fontes desta disciplina, senon tamén ó estatuto xurídico da empresa, do empresario, a súa contabilidade, a súa necesaria publicidade legal, así como o réxime xurídico dos seus colaboradores. Nunha segunda parte, nesta asignatura examínase o Dereito da Propiedade Intelectual e da Competencia. En particular, estúdanse os diferentes dereitos sobre creacións industriais, os signos distintivos, o Dereito de Autor e dereitos afíns, a libre competencia e, finalmente, a competencia desleal e a publicidade comercial ou económica.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento das principais institucións xurídicas.
A2	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
A3	Percepción do carácter sistemático do ordenamento xurídico.
A4	Percepción do carácter interdisciplinar dos problemas xurídicos.
A5	Coñecemento dos principios e valores constitucionais.
A6	Comprensión das distintas manifestacións do dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual.
A8	Coñecementos básicos de argumentación xurídica.
A9	Capacidade para o manexo de fontes xurídicas (legais, xurisprudenciais e doutriniais).
A10	Capacidade de interpretar e analizar criticamente o ordenamento xurídico.
A11	Capacidade de comprender e de redactar documentos xurídicos.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B7	Resolver problemas de forma efectiva, valorando a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B8	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo, entendendo, tamén, a importancia da cultura emprendedora.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.



C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento dos conceptos fundamentais do estatuto xurídico do empresario e dos problemas prácticos que o mesmo plantexa.	A1 A2 A4 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Coñecemento dos conceptos fundamentais do estatuto xurídico da empresa e dos problemas prácticos que o mesmo plantexa.	A1 A2 A4 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Destrezas básicas no funcionamento do Rexistro Mercantil.	A1 A2 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B5	C3 C6
Coñecemento básico do réxime xurídico propio da contabilidade do empresario.	A1 A4 A9 A10	B7 B8 B2 B3 B5	C3
Coñecemento do réxime xurídico dos distintos colaboradores do empresario e dos problemas prácticos que o mesmo plantexa.	A1 A2 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B5	C3 C5
Manexo adecuado das fontes do Dereito Mercantil.	A1 A2 A3 A4 A6 A8 A9 A10	B7 B8 B2 B3 B5	C3 C4 C5 C7



Coñecemento do concepto e da evolución histórica do Dereito Mercantil.	A1 A2 A3 A4 A5 A6	B8	C3 C4 C5 C7
Destrezas básicas na Teoría Xeral da Propiedade Intelectual e da Competencia.	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A10	B7 B8 B2 B3 B4 B5	C3 C4 C5 C7
Manexo adecuado das categorías xurídicas propias dos dereitos sobre creacións industriais.	A1 A2 A3 A4 A6 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B4 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Manexo adecuado das categorías xurídicas propias do dereito dos signos distintivos.	A1 A2 A4 A6 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B4 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Coñecemento do Dereito de Autor e dos dereitos afíns, así como dos problemas prácticos que plantexan.	A1 A2 A4 A6 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B4 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8
Manexo adecuado das categorías xurídicas propias do Dereito da Libre Competencia ou Dereito antitrust.	A1 A2 A4 A6 A8 A9 A10 A11	B7 B8 B2 B3 B4 B5	C3 C4 C5 C6 C7 C8



Manexo adecuado das categorías xurídicas propias do Dereito da Competencia Desleal e da Publicidade Económica.	A1	B7	C3
	A2	B8	C4
	A4	B2	C5
	A6	B3	C6
	A8	B4	C7
	A9	B5	C8
	A10		
	A11		

Contidos	
Temas	Subtemas
Lección 1.- Concepto e evolución histórica do Dereito Mercantil	<ol style="list-style-type: none">1.- O concepto de Dereito Mercantil.2.- O Dereito Mercantil como categoría histórica: Orixe e evolución.3.- A codificación mercantil.4.- O Dereito Mercantil contemporáneo.
Lección 2.- As fontes do Dereito Mercantil.	<ol style="list-style-type: none">1.- Plantexamento xeral.2.- A Lei mercantil.3.- Os usos de comercio.4.- O Dereito común.
Lección 3.- A empresa.	<ol style="list-style-type: none">1.- O concepto de empresa.2.- Problemática xeral da transmisión "inter vivos" da empresa.3.- A compraventa da empresa.4.- O arrendamento e o usufructo da empresa.
Lección 4.- O empresario.	<ol style="list-style-type: none">1.- O concepto de empresario.2.- Clases de empresarios.3.- A responsabilidade do empresario.4.- O empresario individual.5.- O exercizo da actividade mercantil por persoa casada.6.- O empresario persoa xurídica.
Lección 5.- O Rexistro Mercantil.	<ol style="list-style-type: none">1.- Nocións fundamentais sobre o Rexistro Mercantil.2.- Suxeitos e actos inscribibles.3.- Os Rexistros Mercantís Territoriais e as súas funcións.4.- O Rexistro Mercantil Central e as súas funcións.
Lección 6.- A contabilidade do empresario.	<ol style="list-style-type: none">1.- Nocións introductorias.2.- A contabilidade formal: O deber de contabilidade, o segredo contable e a contabilidade como medio de proba.3.- A contabilidade material: As contas anuais, os principios contables e a auditoría de contas.
Lección 7.- A representación do empresario.	<ol style="list-style-type: none">1.- Nocións introductorias.2.- O apoderado xeral ou factor.3.- Os apoderados singulares.
Lección 8.- Teoría xeral da Propiedade Intelectual e da Competencia.	<ol style="list-style-type: none">1.- A Propiedade Intelectual e o Dereito da Competencia.2.- Características do réxime da Propiedade Intelectual.3.- Características do réxime do Dereito da Competencia.4.- Modalidades.
Lección 9.- As patentes.	<ol style="list-style-type: none">1.- A patente de invención: Concepto, natureza e clases.2.- A regulación española das patentes de invención.3.- O Dereito supranacional de patentes.



Lección 10.- As marcas.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Concepto e funcións da marca. 2.- O nacemento do dereito sobre a marca: Prohibicións. 3.- Contido do dereito sobre a marca. 4.- Nulidade e caducidade da marca rexistrada. 5.- Marcas internacionais e marcas comunitarias.
Lección 11.- Outras creacións industriais e signos distintivos.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- O modelo de utilidade. 2.- O deseño industrial. 3.- Outras modalidades. 4.- O nome comercial. 5.- As denominacións xeográficas dos produtos. 6.- Os nomes de dominio.
Lección 12.- O Dereito de Autor.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- O dereito de autor de obras literarias, artísticas e científicas. 2.- Os dereitos afíns. 3.- A protección do dereito de autor.
Lección 13.- A libre competencia.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Réxime xurídico da libre competencia: Regulación española e Dereito Comunitario. 2.- Acordos e prácticas concertadas. Abuso de posición dominante. 3.- Falseamento da competencia por actos desleais. Control das concentracións empresariais. 4.- Axudas públicas. 5.- Órganos e sancións.
Lección 14.- Competencia desleal e publicidade económica.	<ol style="list-style-type: none"> 1.- A lealdade na concurrencia mercantil e a Lei de Competencia Desleal. 2.- A cláusula xeral de prohibición. 3.- Os actos de competencia desleal. 4.- A publicidade económica.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C3 C4 C5 C6 C7 C8	26	0	26
Discusión dirixida	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C3 C4 C5 C6 C7 C8	16	0	16
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 C4 C5 C6 C7	28	0	28
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C4 C5 C6 C7	2	40	42
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C4 C5 C6 C7	2	12	14
Atención personalizada		24	0	24



*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Se analizarán sentenzas dos tribunais e, especialmente, se resolverán problemas xurídicos plantexados en supostos de feito concretos (casos prácticos).
Discusión dirixida	O profesor plantexará en clase un problema xurídico e se procurará chegar á solución do mesmo cas intervencións dos alumnos.
Sesión maxistral	Exposición oral de cada unha das leccións que integran os contidos da asignatura, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Proba mixta	Método de avaliación consistente nunha proba escrita (examen) que debe realizar individualmente cada alumno.
Proba de ensaio	Ao longo do curso, cada certo tempo, os alumnos realizarán unha proba que terán que entregar ao profesor para a súa avaliación. A mesma servirá tamén para que os alumnos podan comprobar os seus avances na materia obxecto da asignatura.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	<p>A atención personalizada xenérica consiste na tradicional tutoría mediante a cal o profesor ponse a disposición dos alumnos nun momento temporal concreto, co obxecto de que éstos podan consultar ou solventar calquer problema con él de forma individualizada.</p> <p>A atención personalizada na proba mixta ten lugar tras a súa avaliación. Na tradicional revisión, o profesor atenderá persoalmente ao alumno que o solicite, mostrándolle a proba xa realizada e explicándolle a corrección da mesma.</p> <p>As MEDIDAS DE ATENCIÓN PERSONALIZADA ESPECÍFICAS PARA O ALUMNADO CON RECOÑECEMENTO DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL centraranse, sempre tendo en conta a disponibilidad do alumnado, en establecer opcións substitutorias daquelas partes de avaliación que, por mor das súas especiais circunstancias, non poden ser plenamente desenvolvidas. Deste xeito, a avaliación continua do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial non será exactamente a mesma ca dos alumnos con dedicación plena, sendo modulada e adaptada a cada caso concreto, en atención ás circunstancias persoais de cada un.</p>

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C4 C5 C6 C7	Proba, de moi variada índole (test, análise xurisprudencial, estudo e análise xurídico de casos concretos, elaboración de contratos ou documentos, discusións dirixidas, etc.), que realizan os alumnos ao longo do curso para comprobar os coñecementos adquiridos.	30
Proba mixta	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C4 C5 C6 C7	Exame que combinará preguntas "tipo test" con preguntas de redacción, todas elas relacionadas con calquer materia incluída no programa de contidos da asignatura.	70
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Os alumnos durante as sesións presenciais intervirán oralmente expoñendo a súa solución aos casos propostos, debatendo, no seu caso, co profesor e cos seus compañeiros.	0



Discusión dirixida	A1 A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 B7 B8 B2 B3 B4 B5 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Os alumnos intervirán na discusión plantexada, tratando de mostrar os seus coñecementos e habilidades.	0
--------------------	--	--	---

Observacións avaliación

O estudo de casos, a discusión dirixida, e as probas de ensaio/desenrolo suporán o trinta por cento da nota final da asignatura. O Profesor da mesma, no seu intento de fomentar a avaliación continua do alumnado, precisará no inicio do Curso a concreta distribución de dita calificación entre as diversas metodoloxías empregadas.

No caso do alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial terase en conta para a súa avaliación, de maneira obrigatoria, a proba mixta e as probas de ensaio. A proba mixta, como ocorre cos demais estudantes, terá un valor do 70% da nota final. No seu caso tamén o estudo de casos, a discusión dirixida, e as probas de ensaio/desenrolo suporán o trinta por cento da nota final da asignatura. Mais nestes casos se terá en conta a disponibilidade do alumnado, podéndose establecer opcións substitutorias daquelas partes de avaliación que, por mor das súas especiais circunstancias, non poden ser plenamente desenvolvidas. Certamente, tanto o estudo de casos coma a discusión dirixida poderán adaptarse ás especiais circunstancias persoais de cada un.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Aurelio MENÉNDEZ y Ángel ROJO (directores) (Última edición). Lecciones de Derecho Mercantil, vol. I. Thomson Reuters É absolutamente necesario manexar as Leis mercantís relativas aos contidos da asignatura.
Bibliografía complementaria	- BERCOVITZ RODRÍGUEZ-CANO, A. (Última edición). Apuntes de Derecho Mercantil. Aranzadi - BROSETA PONT, M./MARTÍNEZ SANZ, F. (Última edición). Manual de Derecho Mercantil, t. I. Tecnos - VICENT CHULIÁ, F. (Última edición). Introducción al Derecho Mercantil. Tirant lo Blanch - JIMÉNEZ SANCHEZ, G. J./DÍAZ MORENO, A. (coordinadores) (Última edición). Derecho Mercantil, vols. I y II. Marcial Pons - SÁNCHEZ CALERO, F./SÁNCHEZ-CALERO GUILARTE, J. (Última edición). Instituciones de Derecho Mercantil, t. I. Aranzadi

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Dereito Mercantil: Dereito de sociedades e de títulos-valores/612G01022

Dereito Mercantil: Contratos empresariais. Dereito concursal e dereito marítimo/612G01035

Observacións

 É aconsellable o estudo continuo, e dende o inicio do curso, da asignatura.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías